

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia reabre o martes-2

A antiga pensión de estudantes poderá visitarse durante o verán en horario de 11 a 14 e de 16 a 20 horas, prolongando os venres ata as 22 horas

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia abre de novo as súas portas ao público durante o verán. Poderá visitarse en horario de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, pero os venres prolongará o seu horario vespertino ata as 22:00 horas. Estará pechado, como é habitual, os domingos pola tarde e os luns todo o día. A reapertura foi un dos asuntos que tratou o Padroado da Casa da Troia, integrado pola Universidade e o Concello de Santiago, ademais da Consellería de Cultura e a Asociación de Antigos Tunos Composteláns, que se reuniu esta semana na Vicerreitoría de Estudiantes.

O presidente da asociación troiana, Benigno Amor, destaca que o museo está integrándose cada vez máis nas actividades veciñais, comerciais e culturais do seu entorno: “Queremos ser activos, na medida das nosas posibilidades, e participativos. De feito, xa nos unimos a distintas celebracións do barrio, ademais de facer as nosas propias actividades con nenos, disfraces de época, presentacións, e máis que queremos facer”. Amor agrega que, ademais dos turistas de todo o mundo que visitan a casa universitaria, se traballa coa idea de que sexa “un museo vivo e integrado plenamente na cidade”.

A entidade ten en proxecto poñer en marcha unha liña de investigación e recuperación do repertorio antigo de tuna (s. XIX e XX), para o que se conta coa dirección do músico Fernando Reyes, alma máter do grupo Resonet. “É un traballo de fondo e ilusionante que nos permitiría sacar á luz partituras e composicións perdidas ou esquecidas –explica Amor–, aumentando así o patrimonio inmaterial da Casa da Troia”. Ademais de solicitar unha subvención ao Ministerio de Cultura para este proxecto, a Asociación quere asinar un convenio coa Facultade de Historia para que os estudantes poidan facer prácticas no museo.

O museo Casa da Troia recrea a pensión de estudantes e a vida universitaria de Santiago a finais do século XIX que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa novela “La Casa de la Troya”. Nela aloxábase o personaxe principal, Gerardo Roquer, e os seus compañeiros de estudos. Está xestionado pola Asociación de Antigos Tunos Composteláns, que se constituíu en 1979 co propósito de crear e conservar un museo troiano no que se recrease o ambiente estudantil compostelán, fomentar as tradicións universitarias, ademais de colaborar na promoción e realización de actos culturais na cidade.